

Preguntas frecuentes con respecto ao PLAN DIXITAL no curso 2024/2025

Índice

Preguntas frecuentes con respecto ao PLAN DIXITAL no curso 2024/2025.....	1
Temos obriga de ter o Plan Dixital?.....	1
Quen se encarga de realizar o Plan Dixital?.....	1
Son coordinador/a e estou un pouco perdido, que debo facer?.....	2
Que debe reflectir o Plan Dixital?.....	2
Temos que comezar dende cero un novo Plan Dixital cada ano?.....	3
Quen e como se fai o duplicado?.....	3

Temos obriga de ter o Plan Dixital?

Si. Reflúctese na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional e tamén no Art 11 do DOG 111 do 13/06/2023 correspondente a Planes educativos:

“Los centros docentes deberán incluir dentro de su proyecto educativo y funcional un plan de lectura, un plan de biblioteca, un plan digital y un plan de actividades físicas y hábitos saludables, de acuerdo a los artículos 33, 34 y 35 del Decreto 155/2022, de 15 de septiembre.”

A data de entrega será como os demais Plans e proxectos.

Quen se encarga de realizar o Plan Dixital?

A persoa coordinadora que sexa designada en coordinación co equipo directivo será a encargada de colgar o Plan Dixital en Educalidade.

A persoa directora disporá de **perfil responsable** na aplicación (accederá coa súa conta de usuario de edu.xunta) e dará acceso ao equipo que se encargará do Plan Dixital na pestana 'Vixencia' de Educabilidade. Poderá asignar os seguintes roles:

- Rol de responsable, a outra persoa do equipo.
- Rol de edición, á persoa coordinadora do equipo de dinamización do Plan Dixital e a outros membros do equipo de dinamización que axuden á cumplimentación do mesmo.
- Rol de consulta, ao resto de integrantes do equipo de dinamización.

A realización do Plan Dixital debe ser, igual que outros plans e proxectos, debe ser un traballo en equipo. Dende o equipo de dinamización pódense propoñer obxectivos en coordinación co equipo directivo e claustro en xeral. Debemos pensar que non serve de nada formular obxectivos non realistas ou que a xente non está capacitada nin disposta a realizar.

Son coordinador/a e estou un pouco perdido, que debo facer?

En primeiro lugar podedes ir á seguinte plataforma e ver os videotitorais (sobre todo se sodes novos coordinadores):

<https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/course/view.php?id=68>

Tamén podes contactar co voso mentor/a ADIX, explicarlle o teu caso e intentará guiarche no proceso. A canle de comunicación preferente é o foro da Aula Virtual na que estades habilitados como coordinadores do PD.

Que debe reflectir o Plan Dixital?

O Plan Dixital é un documento no que reflectir a nosa estratexia dixital anual de centro.

A raíz dunha situación de partida (DAFO e SELFIE) e dos recursos que actualmente dispón o centro, debemos formular obxectivos SMART e as accións dos mesmos que faremos para conseguilos.

Non hai un número mínimo ou máximo de obxectivos para os plans. O importante é facer un enfoque realista, sendo conscientes dos recursos dos que se dispón

actualmente no centro, e das posibilidades reais de acadar ditos obxectivos na temporalización prevista.

Se realizará, xa no mesmo plan, un seguimento trimestral das accións e dos obxectivos e unha avaliación final do Plan en xeral, para ter en conta en anos posteriores.

Temos que comezar dende cero un novo Plan Dixital cada ano?

No deseño do PD do curso 24-25 en Educaldade, os centros poden facer as modificacións que consideren oportunas partindo de Plans Dixitais anteriores. A persoa responsable ten unha icona á dereita () no que poderá facer un duplicado do Plan Dixital dun curso pasado. *(Recomendase facer o duplicado do ano anterior posto que será o máis actualizado)*

Quen e como se fai o duplicado?

A persoa responsable debe premer na icona “copiar”  situada á dereita do plan 2024/2025, e seleccionar como “Convocatoria de orixe de datos” a do ano 2023/2024. Esta operación cargará todos os apartados do Plan Dixital do curso 2023/2024, podendo facer todas as modificacións que se consideren oportunas para o plan do presente curso.

2022/2023	Plan Dixital	USUARIO PROBAS director ies	2022/2023	2022/2023	En Edición	
2023/2024	Plan Dixital	USUARIO PROBAS director ies	2023/2024	2023/2024	En Edición	

Tras o duplicado debemos de **revisar os puntos seguintes:**

Na pestana 'Vixencia': Modificar as datas de presentación e aprobación do Plan Dixital no curso actual.

No apartado equipo: A persoa responsable dará acceso ao equipo que se encargará do Plan Dixital. A persoa coordinadora de este ano ten que ter o rol de edición.

Na lapela 'Seguimento': debes de borrar os apartados correspondentes aos seguimentos dos trimestres xa que haberá que cubrilos este ano de novo. O apartado procedemento pode manterse.

Na lapela 'Avaliación': Borrar valoración xeral e propostas de mellora xa que haberá que cubri-lo ao final de curso este ano. O apartado procedemento pode manterse.